



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Sistemas Normalizados de Xestión: Calidade, Medioambiente, Seguridade e Saúde no Traballo

Materia	Sistemas Normalizados de Xestión: Calidade, Medioambiente, Seguridade e Saúde no Traballo			
Código	V03M134V01207			
Titulación	Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	5	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Fernández González, Arturo José			
Profesorado	Fernández González, Arturo José			
Correo-e	ajfdez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia adícase aos sistemas de xestión empresarial, con especial atención á xestión da calidade, o medio ambiente e a seguridade e saúde no traballo, e os modelos existentes, en xeral internacionais, para os mesmos (normas ISO 9000 e 14000, Regulamento EMAS, ISO 45001, etc.). En primeiro lugar, expóñense os conceptos de normalización, certificación e acreditación. A continuación, estúdanse os fundamentos dos diferentes sistemas de xestión con relación ás súas correspondentes normas internacionais, prestando atención ás súas connotacións coa Responsabilidade Social Empresarial e a mellora da competitividade da empresa. Finalmente, proporciónanse claves para a súa correcta implantación e mantemento no tempo.			

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B2	Interpretar e dominar destrezas asociados con ese campo.
B3	Demostrar un entendemento sistemático do campo de estudo derivado do entendemento e integración de distintos enfoques teóricos
B4	Demostrar a habilidade de concibir, deseñar, implementar e adaptar un proceso substancial coa suficiente integridad intelectual
B5	Aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B6	Integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B8	Organizar, planificar e desenvolver estratexias para levar a cabo un traballo
B9	Comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B10	Traballar en equipo.
B11	Aplicar os coñecementos á resolución de problemas concretos.
B12	Adaptarse a novas situacións

C9	Integrar e implementar os diferentes sistemas de xestión normalizados de I D I, calidade e medioambiente no proceso de planificación estratéxica da empresa tendo en consideración a súa responsabilidade social corporativa.
D1	Difusión de resultados e conclusións dos estudos, a través de presentacións orais e escritas que aborden ideas relacionadas coa RSC na xestión integral da empresa
D2	Manexo de técnicas e ferramentas informáticas e de xestión para obtención de información, tratamento e procesamiento de datos, e posterior utilización
D4	Reflexión sobre responsabilidades sociais e éticas

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer en que consiste a normalización, a certificación e a acreditación, e saber distinguir entre os devanditos conceptos	A1 A4 B2 B9 B11 C9
Coñecer os fundamentos da normativa ISO 9000 e dos sistemas de xestión da calidade	A1 A4 B2 B3 B4 B5 B8 B9 B10 B11 B12 C9 D1
Coñecer o uso de ferramentas de mellora da calidade de forma coherente cos conceptos básicos dos sistemas de xestión da calidade segundo ISO 9000	A1 A4 B2 B3 B4 B5 B8 B9 B10 B11 B12 C9 D1 D2
Coñecer aspectos básicos da lexislación en materia medioambiental e de seguridade e saúde no traballo	A1 B2 B3 B5 B6 B9 B11 C9 D4

Coñecer os fundamentos da normativa ISO 14000 e e dos sistemas de xestión medioambiental, así como do Regulamento EMAS	A1 A4 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C9 D1 D4
--	---

Coñecer os fundamentos da norma ISO 45001 e dos sistemas de xestión da seguridade e saúde no traballo.	A1 A4 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C9 D1 D4
--	---

## Contidos

Tema	
1. Normalización, certificación e acreditación.	1.1. Normalización 1.2. Certificación 1.3. Acreditación
2. Modelos de xestión da calidade: ISO 9000	2.1. A norma ISO 9001 2.2. Deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema de xestión da calidade segundo ISO 9000
3. A xestión medioambiental	3.1. Introducción á xestión medioambiental 3.2. Lexislación medioambiental
4. Modelos de xestión medioambiental: ISO 14000 e Regulamento EMAS	4.1. A norma ISO 14001 4.2. Deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema de xestión medioambiental segundo ISO 14000 4.3. O Regulamento EMAS 4.4. Comparativa ISO 14000 vs EMAS
5. Modelos de xestión da seguridade e saúde no traballo: ISO 45001	5.1. A norma ISO 45001 5.2. Deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema de xestión da seguridade e saúde no traballo segundo ISO 45001
6. Modelos de xestión da RSC: ISO 26000 e outros referenciais	6.1. A norma ISO 26000 6.2. Outros referenciais de xestión da RSC
7. Sistemas integrados de xestión: conceptos básicos	

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	27.5	24.5	52
Prácticas con apoio das TIC	5	5	10
Estudo de casos	4	1	5
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Traballo	0	42	42

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
------------

Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas con apoio das TIC	Traballo na aula utilizando medios informáticos (esencialmente ferramentas ofimáticas tipo Excel).
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Prácticas con apoio das TIC	Traballo na aula utilizando medios informáticos (esencialmente ferramentas ofimáticas tipo Excel).
Probas	Descrición
Traballo	Atención personalizada sobre o traballo que realizarán.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas con diferentes alternativas de resposta, ou cuestións de resposta curta.	30	A1	B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11	C9	D4
Traballo	Avaliarase un conxunto de traballos realizado polo alumnado	70	A1 A4	B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12	C9	D1 D2 D4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O MAiE segue un sistema de avaliación continua e esixe unha presencialidade mínima do 80%.

Os alumnos/as poderán superar a materia por avaliación continua cumprindo esta presencialidade mínima, presentando e superando os traballos encomendados polo profesor (70% da calificación) e superando un exame de preguntas obxectivas (30% da calificación) que se fará na última hora de clase da materia.

Aqueles alumnos/as que non cumpran algunha destas condicións ou non acaden o 50% da cualificación na avaliación continua, terán que acudir á convocatoria oficial. Nas convocatorias oficiais esixirase un exame que avaliará tanto os coñecementos teóricos como prácticos da materia, polo que incluírá cuestións teóricas e exercicios ou casos prácticos.

Con independencia da convocatoria (ordinaria ou segunda oportunidade), alternativamente ao sistema de avaliación continua, o alumno/a poderá optar a ser avaliado/a cun exame final que suporá o 100% da calificación.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso académico correspondente. Nembargantes, o calendario pode ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Pode consultarse o calendario de exames na web do MAiE: <http://maiersc.webs.uvigo.es/>.

Nota: No caso de que a docencia no puidese levarse a cabo presencialmente, actuarase segundo o indicado no apdo. 10, "Plan de Continxencias".

Observación: Calquera evidencia de traballos ou probas plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

### **Bibliografía Complementaria**

CAMISÓN, C.; CRUZ, S.; GONZÁLEZ, T., **Gestión de la Calidad: conceptos, enfoques, modelos y sistemas**, Pearson-Prentice Hall, Madrid,

CUATRECASAS, L., **Gestión Integral de la Calidad. Implantación, Control y Certificación**, Gestión 2000, Barcelona, SEOÁNEZ CALVO, M. y ANGULO AGUADO, I., **Manual de Gestión Medioambiental de la Empresa: Sistemas de Gestión Medioambiental, Auditorías Medioambientales, Evaluaciones de Impacto Ambiental.**, Díaz de Santos, Madrid,

BELLAICHE, M., **Después de la certificación ISO 9001**, AENOR Ediciones, Madrid,

CUADERNOS IMPIVA, **Aspectos medioambientales. Identificación y evaluación**, AENOR/IMPIVA, Valencia,

DEMING, W.E., **Calidad, productividad y competitividad. La salida de la crisis**, Ediciones Díaz de Santos, S.A., Madrid,

GONZÁLEZ GAYA, C.; DOMINGO NAVAS, R.; SEBASTIÁN PÉREZ, M.A., **Técnicas de mejora de la calidad**, UNED, Madrid,

GRYNA, F.M.; CHUA, R.C.H.; DEFEQ, J.A., **Método Juran. Análisis y Planeación de la calidad**, McGraw-Hill, México D.F.,

HAYES, B.E., **Cómo medir la satisfacción del cliente. Desarrollo y utilización de cuestionarios**, Ediciones Gestión 2000, S.A., Barcelona,

IHOBE, **Indicadores Medioambientales para la Empresa**, IHOBE, País Vasco,

ISHIKAWA, K., **Introducción al Control de Calidad**, DÍAZ DE SANTOS, 1994

JONQUIÈRES, M., **Manual de auditoría de los sistemas de gestión**, AENOR Ediciones, Madrid,

JURAN, J.M.; BLANTON, A., **Manual de Calidad**, McGraw-Hill, México D.F.,

[www.aenor.es](http://www.aenor.es),

[www.aec.es](http://www.aec.es),

<http://http://gio.uvigo.es/asignaturas/gestioncalidad>,

[www.iso.ch](http://www.iso.ch),

[www.belt.es](http://www.belt.es),

<http://www.cmati.xunta.es/>,

<http://www.clubexcelencia.org/>,

[http://ec.europa.eu/environment/emas/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/emas/index_en.htm),

[www.enac.es](http://www.enac.es),

<http://www.insht.es>,

UNE (AENOR),

CONFEDERACIÓN CANARIA DE EMPRESARIOS, **Manual de Prevención de Riesgos Laborales. 660 Preguntas y Respuestas sobre la Prevención**, Confederación Canaria de Empresarios, CEOE,

SÁNCHEZ-TOLEDO, A.; FERNÁNDEZ, B., **Cómo implantar con éxito OHSAS 18001**, AENOR Ediciones, Madrid,

ISO, **UNE-EN ISO 9001:2015**, UNE (AENOR),

ISO, **UNE-EN ISO 14001:2015**, UNE (AENOR),

ISO, **ISO 45001:2018**, UNE (AENOR),

ISO, **UNE-ISO 26000:2012**, UNE (AENOR),

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Xestión da Calidade Total/V03M134V01201

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Xestión da Calidade Total/V03M134V01201

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense todas as metodoloxías docentes expostas nesta guía docente, coa excepción de que, en caso de non ser posible a docencia presencial, esta sería substituída por docencia a través do Campus Remoto e material complementario en FaiTIC.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Ningunha, salvo o indicado no punto anterior.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O mecanismo fundamental será o correo electrónico e a titorización a través do Campus Remoto (uso do despacho virtual), baixo concertación previa.

\* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Non se prevén modificacións.

\* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Non é necesaria outra bibliografía adicional á xa contida nesta guía docente.

\* Outras modificacións

Non son necesarias.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

A avaliación desta materia baséase nun 70% na realización de traballos en grupo por parte dos alumnos e nun 30% na realización dun exame de preguntas obxectivas que se fará na última hora de clase da materia. No caso de que a docencia non se poida realizar presencialmente, farase un exame do mesmo tipo a través de FaiTIC. Os traballos realizaranse igualmente, dado que os alumnos poden traballar en grupo empregando ferramentas TIC para iso.

Ademais disto, o MAiE esixe unha presencialidade mínima do 80% para superar as materias. No caso de que dita presencialidade non sexa posible parcial ou totalmente, establecerase o criterio a seguir de acordo coa coordinación do MAiE, que podería ser a eliminación deste requisito ou o mantemento do mesmo con asistencia telemática ás sesións que se impartan mediante Campus Remoto.

\* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

\* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

\* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

\* Novas probas

Non son necesarias.

\* Información adicional

-

---